

PLAN LECTOR

ANUAL 2023-24



Biblioteca Escolar

CEIP Milladoiro. Malpica

Educando en comunidade, con identidade



INDICE

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Actividades
4. Organización espazo-temporal
5. Recursos persoais e materiais
6. Normas de uso e funcionamento da BE
7. Hábitos e itinerarios lectores
8. Seguimento e avaliación

Anexo I. Formación de Usuari@s

Anexo II. Guía de Usuari@s

Anexo III. Proxecto Documental Integrado 2023-25

Anexo IV. Programa Que me contas?

Anexo V. Programa Lectura e Familias: Educa-Tribo

Anexo VI. Laboratorios de aprendizaxe

Anexo VII. Alfabetización múltiple

Anexo VIII. Marcadores persoais Leo

Anexo IX. Plan de Traballo 2023-24

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Lector Anual é o programa de accións que se levarán a cabo de xeito periódico ou puntual no noso centro para o desenvolvemento do Proxecto Lector e encamiñado a mellorar as competencias clave do alumnado presentes en todas as áreas curriculares. O presente Plan forma parte da Programación Xeral Anual 2023-24 e deberá integrarse nas Programacións Didácticas de Aula.

A adquisición de habilidades e estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información (alfin) en diferentes soportes e formatos, así como o fomento do hábito lector, ou polo menos, o espertar do gusto pola lectura, son imprescindibles para a adquisición das **competencias clave** nas dúas etapas educativas (*Decreto 150/2022, do 8 de setembro e Decreto 155/2022, do 15 de setembro*):

- a) Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)
- b) Competencia Plurilingüe (CP)
- c) Competencia Matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
- d) Competencia Dixital (CD)
- e) Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA)
- f) Competencia Cidadá (CC)
- g) Competencia Emprendedora (CE)
- h) Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

O **Proxecto Documental Integrado (PDI)**, "["Medicus curat natura sanat"](#)", ten coma finalidade ser o eixo vertebrador e transdisciplinar das concrecións curriculares dos diferentes niveis educativos, mediante tarefas integradas (TI) que faciliten o óptimo desenvolvemento competencial.

O pasado curso estivo marcado pola volta á "normalidade", despois de dous cursos excepcionais e singulares por mor da pandemia, e o peche do PDI NÓS; polo que no presente curso iniciamos nova singradura cun proxecto que nos permitirá seguir investigando, preguntándonos... e co ODS 3 da Axenda 2030 como protagonista: saúde e benestar.

A proposta de actividades que dende a Biblioteca se desenvolvan seguirá a estar presidida pola atención ás relacións persoais e sociais, coidándonos, aprendendo a aprender en comunidade e con identidade para ser, facer, saber e convivir.

O presente Plan Lector Anual ten carácter flexible e funcional e a súa posta en práctica estará marcada polas normas de uso e funcionamento da Biblioteca e os espazos creativos que a conforman (BE-LeoLab); así como o PDI, os programas e proposta de actividades, entre outros, serán a folla de ruta que guiará o proceso de ensino e aprendizaxe e favorecerá a organización das Programacións de Aula ao redor de diversos espazos e recursos documentais, dixitais, audiovisuais... desterrando a idea do libro de texto como único recurso educativo, como única fonte de información e aprendizaxe. Avanzando, na actual sociedade da información, cara o óptimo desenvolvemento da considerada competencia esencial para a vida: a alfabetización múltiple.



2.OBXECTIVOS

O noso principal obxectivo segue sendo asentar a denominación que nos é propia,

BE-LeoLab Milladoiro,

a cal define o noso proxecto de escola como:

- **Biblioteca Escolar**, recurso imprescindible na nosa escola pública e rural para facilitar e favorecer o acceso de todos/as a **educación do século XXI**: sociedade da información; ao tempo que desenvolvemos o noso dereito a unha cidadanía independente e culta sustentada en dez valores do noso século: liberdade, igualdade, diferenza, sostibilidade, civismo, democracia, cooperación, sensibilidade, compromiso e utopía. Biblioteca que se caracteriza por ser:
 - **Creativa** para experimentar aprendendo coas novas Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación e "aprender facendo" (cultura maker) mediante os **laboratorios de aprendizaxe**, que nos son propios, desenvolvendo as competencias clave e o pensamento creativo, empático e crítico para unha educación de calidade.
 - **Inclusiva** para responder ás necesidades de todos/as, da **diversidade**, dende catro grandes bloques: arquitectura, servizos, fondos e formación. Unha aposta pola igualdade de oportunidades para unha educación equitativa e inclusiva.

Tendo claro quenes somos, os obxectivos que perseguimos co presente Plan Lector Anual son:

- ❖ Dar continuidade ao **servizo á comunidade**: divulgando, facilitando, asesorando, orientando, apoiando o proceso de ensino e aprendizaxe, a formación continua e de calidade, a xestión e organización da nosa BE-LeoLab...
- ❖ Potenciar o **uso das instalacións e dos recursos** da Biblioteca Escolar **como espazo creativo de aprendizaxes** e elemento dinamizador da actividade lectora, da actividade escrita, do fomento de actitudes/valores, compensadora de desigualdades de partida atendendo á diversidade e facilitadora de formación continua: funcións social e formadora.
- ❖ Dinamizar proxectos comúns a través de tarefas integradas, que se nutran de alfabetizacións múltiples e permitan afondar a todo o profesorado nunha mesma temática seguindo o **PDI "Medicus curat natura sanat"** (ver Anexo III)
- ❖ Facilitar o desenvolvemento de todas as **actividades da Biblioteca e fomento da lectura**, como fonte de información, de placer e benestar: formación de usuari@s, mochilas e bolsiñas viaxeiras, Lectura e Familias (Educa-Tribo: Hoxe le... e xornadas de formación), Radio na biblio, Que me contas?, Hora de Ler, conmemoracións e laboratorios de aprendizaxe, semanas temáticas, Mes das Letras...



- ❖ Reforzar a implicación de toda a comunidade educativa no fomento de **hábitos lectores e mellora da competencia lectora** como rutina diaria.
- ❖ Explorar outras vías para fomentar a lectura persoal e compartida, dando continuidade ao programa *Que me contas?* (ver *Anexo IV*) e a sesión *Hoxe le...* de lecturas compartidas.
- ❖ Dinamizar e divulgar os fondos da nosa biblioteca: exposicións trimestrais, temáticas, de novidades, seccións documentais de aula, seccións/caixas Hora de Ler..., poñendo os **libros a disposición da comunidade como fontes de lectura, información e aprendizaxe**.
- ❖ Fomentar o **uso da biblioteca** entre as familias e persoal non docente, dinamizando a **participación presencial das familias** (programa Lectura e Familias: Educa-Tribo, ver *Anexo V*)
- ❖ Contribuír a un dos obxectivos curriculares: **creación da biblioteca persoal**; solicitando ás familias a compra de dous exemplares ao comezo de cada curso escolar (ver punto 9. *Hábitos e itinerarios lectores*)
- ❖ Propoñer e levar a cabo actividades curriculares que impliquen a **familiarización con diferentes soportes para a lectura** (programa **E-LBE.2**, entre outros), sendo quen de localizar a información alí onde esta se encontre ou gozar da lectura como fonte de placer.
- ❖ Dar continuidade aos **equipos creativos de traballo** para dinamizar os recursos e espazos que conforman a BE-LeoLab Milladoiro mediante, entre outras propostas, os **laboratorios de aprendizaxe para todas/os** (ver *Anexo VI*)
- ❖ Dinamizar o uso dos espazos e recursos como medios para o tratamento transdisciplinar e desenvolvemento da **alfabetización múltiple** (ver *Anexo VII*) e de uso das TACs. que tamén se reflicte no Plan Dixital de Centro.
- ❖ Apoiar a posta en marcha e seguimento do **Plan Dixital de Centro, E-Dixgal e Contrato-Programa**, baseado en propostas de adquisición da competencia lingüística e informacional; así coma outros plans ou programas que o centro solicite como o PFPP que solicitamos cada curso escolar.
- ❖ Atender ao **uso ético das publicacións** en formato papel e/ou dixital, respectando a autoría (obxectivo este incluído no Plan Dixital de Centro)
- ❖ Dar a coñecer a figura da autora homenaxeada na celebración das **Letras Galegas 2024: Luísa Villalta**.
- ❖ Revisar a **senalización** e continuar adquirindo **fondos** (con pictogramas, de Lectura Fácil...) e **materiais adaptados atendendo a diversidade** (alumnado con NEAE, alumnado estranxeiro...)

3. ACTIVIDADES

A Biblioteca Escolar é o axente dinamizador do proceso de ensino e aprendizaxe, motor de innovación, mediante actividades formativas e curriculares relacionadas co PDI, laboratorios de aprendizaxe, conmemoracións, tarefas integradas/alfabetizacións múltiples: fomento da lectura, da solidariedade, da cultura. **Organizamos e propoñemos actividades** como:

- ✓ *Mochilas e bolsiñas viaxeiras, Hora de Ler, Que me contas? Hoxe le ...* todas elas co obxectivo común de fomentar o hábito lector gozando coa lectura.
- ✓ Empréstitos directos nos recreos e indirectos ás aulas, lecturas compartidas... actividades nas que o alumnado participa e/ou xestiona directamente.
- ✓ Fomento de actitudes/valores, das capacidades, das competencias clave e do uso das TACs vertebrado polo PDI e materializado a través da proposta de actividades, das nosas bitácoras, da formación de usuari@s, dos laboratorios de aprendizaxe...
- ✓ Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións, para temáticas traballadas ao longo do curso escolar e novidades.
- ✓ Proposta e organización de actividades culturais varias: encontros con autores/as, ilustradores/as, familias, membros da comunidade, teatro, contacontos...
- ✓ Animación á solidariedade: biblioaxudantes de 5º e 6º de Primaria.

Ademais das actividades propostas para alumnado, profesorado e familias tamén se levan a cabo **outras actividades imprescindibles** para o correcto funcionamento da nosa BE-LeoLab como: catalogación, expurgo, selección e novas adquisicións, xestión e organización, formación de usuari@s e biblioaxudantes, exposición e difusión de fondos, empréstito interbibliotecario, guías de lectura... Actividades que se recollen no Plan de Traballo 2023/24 (ver *punto 8. Seguimento e avaliación*)

As actividades desenvoltas, curso tras curso, co pertinente seguimento e avaliación permítenos **organizar os trimestres** atendendo as conmemoracións que presiden o noso proxecto de escola e que xa nos son propias, entre as que destacamos: *Samaín/Magosto (Semana das Lecturas Terroríficas), Mes da Ciencia en Galego na Biblioteca, Semana da Paz, Día Mundial da Radio, Día de Rosalía, Entroido, Semana da Prensa, Semana da Muller, Mes das Letras e Día do Medio Ambiente.*

Nas seguintes táboas recolleemos as **actividades programadas** para o curso 2023/24, tendo en conta que como toda programación, aberta e flexible, poderá sufrir modificacións na súa posta en práctica:

MES	ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE 2023-24
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Entrega ao profesorado, en formato papel e en formato dixital mediante o cartafol BE 2023/24 do usb de centro, do Plan Lector Anual que recolle o que <i>debe saber</i> sobre a BE-LeoLab, o seu uso e funcionamento, o PDI, os laboratorios de aprendizaxe, tarefas integradas/alfin para integrar nas Programacións de Aula. • Elaboración do Caderno de Usuari@s (número de lector/a) • Formación usuari@s mestres/as. Autoempréstito (KOHA) • Organización de mochilas e bolsiñas viaxeiras, así como as caixas <i>Hora de Ler</i> e Sección Documental de cada aula. • Organización, coordinación, reparto de funcións e formación de biblioaxudantes da BE-LeoLab: alumnado de 5º de Primaria en Radio na Biblio e alumnado de 6º de Primaria na BE. • Actualización das bitácoras de centro: BE, LeoLab, PDI, DL... (ver <i>punto 7. Recursos persoais e materiais</i>) • Publicación da proposta de actividades anuais.
OUTUBRO / NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Apertura BE: luns 2 de outubro de 2023. • Posta en marcha dos diversos programas: Que me contas?, Lectura e Familias (Educa-Tribo), E-Dixgal, Contrato-Programa, PFPP... • Posta en marcha dos laboratorios de aprendizaxe. • Formación de usuari@s alumnado. • Inicio do PDI bianual "Medicus curat natura sanat" • Conmemoramos: <i>Día das Escritoras</i> e <i>Días das Bibliotecas</i>, <i>XIV Semana das Lecturas Terroríficas</i> (Samaín/Magosto), <i>Ciencia en galego nas Bibliotecas e 25N</i>. • Exposición trimestral. • Exposicións temáticas e de novidades <i>Leo le...</i>
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición temática Nadal: <i>agasalla un libro, o mellor amigo!</i> • Guía de Nadal.

MES	ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE 2023-24
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Semana da Paz</i> • Exposición trimestral.
FEBREIRO / MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • Exposicións temáticas e de novidades <i>Leo le...</i> • Entroido: apoio ás aulas. • Conmemorarmos: <i>Día Mundial da Radio, Día de Rosalía de Castro, Semana da Muller e Semana da Prensa.</i>

MES	ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE 2023-24
ABRIL / MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición trimestral. • Exposicións temáticas e de novidades <i>Leo le...</i> • Conmemoramos: <i>Mes das Letras 2024 (dende o Día do Libro ata o Días das Letras Galegas)</i>
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Día do Medio Ambiente</i> • Clausura BE: venres 7 de xuño de 2024. Entrega de diplomas. • Edición do/s libro/s colectivo/s de produción propia derivados do PDI. • Revista escolar <i>DígochoEu</i>. Edición e publicación, en formato papel e dixital. • Guía de verán • Memoria final

4. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL


Os privilexiados espazos creativos que conforman a nosa BE-LeoLab son fonte da que beber para un óptimo desenvolvemento competencial, non sendo, dende hai tempo, a aula-titoría o único espazo onde transformar a información en coñecemento.

Cada **grupo-clase** ten asignado no horario semanal as sesións de uso da BE-LeoLab para realizar actividades de formación de usuari@s, fomento da lectura en diferentes soportes, alfabetizacións múltiples, empréstitos indirectos (a través do/a titor/a)... Nestas sesións todos os grupos contan cos dispositivos electrónicos (tabletas e ordenadores) a súa disposición. Ademais o alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria disporá de e-books (programa E-LBE.2) que forman parte do servizo de empréstito ao que poden acceder.

Sinalar que cada nivel conta cunha **Sección Documental de Aula** da que fai uso o alumnado ao longo da xornada escolar e está formada por fondos da BE do centro que se van cambiando regularmente segundo as tarefas integradas/proxectos a traballar.

Todas as aulas levan a cabo a **Hora de Ler** que dedica 25 minutos diarios á lectura persoal ou compartida. Neste tempo propónse, dende 3º a 6º de Primaria, levar a cabo o programa **Que me contas?** Os fondos para a actividade proceden da BE segundo unha selección feita por titores/as, lectores/as co obxectivo de ir educando o seu gusto lector, definindo preferencias... co asesoramento, se é solicitado, da mestra responsable da BE. Asemade, a **Hora de Ler** pode tomar outras formas: lecturas colectivas, lecturas do/a mestre/a, lecturas de familias, lecturas compartidas de maiores a pequenos...

Na seguinte imaxe, reflíctese o **horario da biblioteca**, elaborado en coordinación coa Xefatura de estudos, onde se recollen as sesións por niveis e actividades na BE-LeoLab:



Horario biblioteca – Curso 2023/24

SESIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª	*4º EP	*6º EP	*4º EI	*6º EI	*5º EI
3ª					
Recreo EI					
Recreo EP	Bibliosudantes 5º EP Empréstito directo Voluntariado Hoxe (e...)	Bibliosudantes 6º EP Empréstito directo Voluntariado Hoxe (e...)		Bibliosudantes 6º EP Empréstito directo Voluntariado Hoxe (e...)	Bibliosudantes 6º EP Empréstito directo Voluntariado Hoxe (e...)
Hora de ler	Hoxe (e... 1º EP)	Hoxe (e... 6º EI)	EDUCA-TRIBO	Hoxe (e... 6º EI) Hoxe (e... 4º EI)	Hoxe (e... 1º-2º EP)
4ª	*3º EP	*1º-2º EP (grupo mixto)	Laboratorios de aprendizaxe	*5º EP	*1º EP
5ª					

*Empréstito indirecto a través do/a titor/a e uso de espazos-recursos da BE-LeoLab / Programa Lectura e Familias



5. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

Os **recursos persoais** abarcan a:

- ❖ O **alumnado**, principal axente que executa e recibe o acto lector e protagoniza todas as propostas. Os/as que, como contacontos e/ou dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros e compañeiras. Os alumnos e alumnas voluntarios/as que conforman o equipo de biblioaxudantes da BE en actividades de empréstito directo, baixa de exemplares expurgados, organización de recursos, organización e colocación de fondos...
- ❖ As **familias**, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura (bolsiñas e mochilas viaxeiras, lecturas compartidas, formacións...)
- ❖ O **profesorado** e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivación para a lectura e a escritura e proposta de actividades varias. Ademais colabora e participa como axente dinamizador do PDI, dos laboratorios de aprendizaxe e das diferentes propostas que se fan ao longo do curso.
- ❖ O **Equipo de Biblioteca e Dinamización Lingüística**, formado por profesorado de diferentes niveis, coordinado por unha persoa responsable da biblioteca, intentando xestionar e dinamizar eficazmente os fondos, recursos e espazos creativos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa; así como ofrece apoio e asesoramento no proceso de ensino e aprendizaxe. Para paliar no posible a redución cada vez máis drástica do cadro de persoal docente os diferentes equipos unen forzas, de maneira que Biblioteca, EDL e TAC traballan xuntos na práctica aínda que sobre o papel deban aparecer por separado debido a cuestións administrativas.

Entre os **recursos materiais** contamos con:

- Material curricular do alumnado.
- A biblioteca e os espazos que a conforman: recursos e fondos bibliográficos, audiovisuais, tecnolóxicos que hai nela ou en empréstito ás seccións documentais de aula.
- A biblioteca municipal e outros centros (empréstito interbibliotecario)
- Ordenadores, portátiles, tabletas, pantallas interactivas e acceso a internet.
- E-books (programa E-LBE.2)
- Caixas da *Hora de Ler*.
- Bitácoras varias como:
 - <http://bemilladoiro.bogspot.com> (BE)



- <http://nlmilladoiro.blogspot.com/> (Dinamización Lingüística)
- <https://medicusnatura.blogspot.com/> (PDI "Medicus curat natura sanat")
- <https://leolabmilladoiro.blogspot.com/> (laboratorios de aprendizaxe)
- <https://nautilusmil.blogspot.com/> (Leo le... nós lemos!)
- Leoteca: sección de lecturas autoxestionada ao servizo de toda a comunidade (familias, profesorado...)
- PDI bianual que verteбра propostas, ben de aula, ben de centro, curriculares e avaliábeis na liña da Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP)
- Bolsiñas viaxeiras para E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.
- **Mochilas viaxeiras** para todos os niveis e que NON SON UNHA OBRIGA, SON UN CONVITE a gozar de momentos en familia cos recursos que o centro empresta. Os **obxectivos** que perseguen son:
 - Facilitar e fomentar momentos en familia. Momentos de lectura, de música, de xogo, de visionado de películas/dvd didácticos...
 - Provocar a conversa lectora en familia.
 - Achegar á familias materiais de calidade contrastada e de difícil visibilidade no mercado.
 - Dinamización Lingüística, ofrecendo materiais na nosa lingua.

O empréstito será semanal: **entrega os mércores e devolución os martes.**

O programa impleméntase **dende outubro ata maio** de cada curso escolar.

No tocante ao seu **contido**, cada aula contará con 2 mochilas que o/a titor/a organizará, asesorado/a polo equipo de BE, se o precisa, cos materiais que seleccione en función da idade do alumnado e tentando responder a un amplo abano de intereses, temáticas... e priorizando a dinamización da lingua incluíndo materiais en galego; posto que o alumnado ten máis fácil acceso a materiais en castelán que a exemplares en galego de calidade contrastada.

No presente curso, grazas ao programa Lectura e Familias, incluímos en cada mochila un xogo de mesa para compartir en familia.

Todas as mochilas deberán incluír:

- Materiais multisoporte, é dicir, 1 ou 2 exemplares de: libros para o alumnado e para as familias, música, películas/dvd didácticos...
- Unha táboa-listaxe cos materiais que contén. Esta plantilla é facilitada polo equipo de BE a titores/as para a súa edición. Unha vez editada imprimírase a cor e plastifícase para incluír na mochila, sendo esta listaxe indispensable para a revisión de todo o contido por parte de alumnado/familias e profesorado-titor.
- Un caderno viaxeiro no que solicitamos ás familias que escriban a súa opinión sobre o contido, o uso que lle deron, valoracións do vivido en familia cos recursos



facilitados...SÓ ESCRIBEN OS ADULTOS (pai/nai, titor/a). No momento de devolución o/a titor/a lerá ao grupo-clase o escrito da familia.

O EMPRÉSTITO das mochilas viaxeiras segue as mesmas normas que o empréstito de exemplares da BE no tocante á custodia e coidado dos mesmos por parte de alumnado/familias, que deberán comprobar antes da súa devolución que contén todos os materiais e están en perfecto estado

O/a titor/a encargarse de revisar o contido das mesmas no momento da súa devolución posto que os olvidos son frecuentes (cd/dvd...)

Cada mochila ten a consideración de LECTOR e, polo tanto, ten un número de lector que se atopa no caderno de usuari@s a disposición no punto de Autoempréstito para a súa consulta no momento do rexistro.

O contido de cada mochila debe ser rexistrado no punto de AUTOEMPRÉSTITO polo/a titor/a mediante o sistema de xestión KOHA.

Se non é posible facer o rexistro do contido das mochilas no punto de Autoempréstito, por falla de tempo ou outros, farase o rexistro en papel para posteriormente introducir os datos no programa.

6. NORMAS DE USO E FUNCIONAMENTO DA BE

As **normas** que todo o **alumnado** deberá coñecer, informados por titor/a nos primeiros días lectivos do novo curso escolar, son as que seguen:

- O equipo de BE, mediante o Laboratorio Documental, será o encargado de implementar a **Formación de Usuari@s** (ver *Anexo I*) para que o noso alumnado sexa usuari@ competente da súa Biblioteca, sen prexuízo de que o profesorado-titor faga uso do seu horario de biblioteca para desenvolver a mesma. No Plan Lector achégase a **Guía de Usuari@s** (ver *Anexo II*), tamén a disposición na Biblioteca, para acudir a ela ao longo do curso e reforzar aprendizaxes.
- O alumnado poderá acudir á **Biblioteca durante o recreo** para ler, consultar libros, escoitar música, xogar cos xogos de mesa... O empréstito directo queda reservado para o alumnado de 3º a 6º de Primaria.
- Todos os empréstitos, directos e indirectos, faranse a través do punto de Autoempréstito (número de lector/a no caderno de usuari@s) tal e como se establece a continuación:
 - **Alumnado de infantil e primaria. Empréstito indirecto** a través do/a titor/a que rexistrará os mesmos no punto habilitado de Autoempréstito segundo o horario de biblioteca asignado para o seu grupo-clase.



- **Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de E.P. Empréstito directo**, polo que tamén poderán acudir á biblioteca na hora de recreo. A través do equipo colaborador da BE e/ou profesorado de garda poderán realizar o empréstito/devolución.
- **Se non se devolve un libro** no último día previsto (15 días de empréstito), o Equipo de Biblioteca dará un aviso para que se faga no seguinte día lectivo. É de obrigado cumprimento, recollido nas NOFC do centro, custodiar, respectar e coidar os materiais: os exemplares e demais materiais da Biblioteca son de todos/as, coidalos é a nosa responsabilidade.
 - Cada vez que se recupere un libro dun andel deberase colocar o **marcador persoal Leo** (revisar a comezo de curso, ver *Anexo VIII*) no sitio do libro que se retirou. Deste xeito, cando se devolva só haberá que retirar o marcador e colocar o libro no seu sitio. Hai que pensar que os libros están colocados ordeadamente: esta será a mellor maneira de **colaborar na organización da nosa BE**.
 - Para gozar da biblioteca durante os recreos, teranse que repectar as normas que rexen nela: **RESPECTO** cara ó traballo que os demais están a facer e **COIDADADO** tanto dos libros/materiais coma das instalacións.
 - **Non está permitido pasar o recreo no corredor**: ou se está na biblio ou se baixa ao patio. No corredor hai unha **zona habilitada para a merenda** previa á entrada na biblio; así como a **"Cova de Leo"** está **a disposición de tod@s para a lectura individual ou compartida**, en ningún caso se fará uso da cova para merendar.
 - **A partir de 3º de EP** pódese ser **voluntario/a para a actividade Hoxe le...**, preguntar aos compañeiros/as biblioaxudantes como facelo.
 - **Na Biblioteca hai sempre**, polo menos, **un profesor/a de garda**: acudir a el/ela cando se precise. Saberán axudar.
 - **Nos recreos** tamén se poderá facer **uso do LeoLab**: retos para tod@s!

As **normas** que todo o **profesorado** debe coñecer e velar polas memas son:

- Cada profesor/a pode levar para a súa aula os exemplares que sexan do seu interese segundo os proxectos/tarefas integradas a traballar. Quedarán rexistrados no punto de Autoempréstito co número de lector/a do profesor/a (caderno de usuari@s a disposición no punto).
- Cada aula disporá de 2 sesións/semanais para o uso da BE-LeoLab, segundo o horario da biblioteca asignado. Nesas horas cada grupo-clase terá a súa disposición as tabletas e ordenadores portátiles que precise.



- En ningún caso, fóra da sesión de recreo, o alumnado acudirá só á biblioteca.
- Dispoñemos dunha conta de correo electrónico para uso do alumnado alumnadomilladoiro@gmail.com (contrasinal recollida na listaxe entregada pola Xefatura), sen falla de que teñan a súa propia conta, para pór en práctica o texto electrónico editando correos ou ben publicando nas bitácoras de ciclo, se o/a titor/a o considera oportuno, ou empregar algunhas aplicacións. Asemade, pode ser de uso para o profesorado como repositorio en liña (drive) para almacenar documentos varios que sexan propiedade última do alumnado. Esta conta está dada de alta en todas as bitácoras coma *autor* para poder publicar, non así nos repositorios: vimeo, calameo, ivoox...
- No corredor do 1º andar o equipo de BE actualiza o expositor de novidades, segundo imos adquirindo e catalogando novos exemplares, así como están a disposición da comunidade as exposicións trimestrais e temáticas de libros de literatura (ficción) e de información (non ficción) que seleccionamos en relación ao PDI que nos ocupa, conmemoracións/laboratorios a implementar. Asemade, contamos co expositor das nosas revistas escolares e do noso xornal escolar mensual *O Papagaio*, que tamén se pode consultar dixitalmente (usuario e contrasinal recollido na listaxe entregada pola Xefatura)
- Na bitácora da Biblioteca (bemilladoiro.blogspot.com) realizamos publicacións mensuais, enlazamos recursos en liña, así como a páxina web e demais bitácoras do centro: PDI, LeoLab, DígochoEu!, Leo le...nós lemos! e bitácoras de ciclos.
- Agradecemos que os produtos electrónicos froito do traballo nas aulas se incorporen aos repositorios do centro, sempre tendo en conta que son propiedade última do alumnado.
- O equipo de BE está a disposición do profesorado para ofrecer o apoio e asesoramento necesarios: empréstitos/devolucións, mochilas viaxeiras, proceso ensino e aprendizaxe... Preguntar é primordial para seguir aprendendo, acude ao equipo cando o precises.
- É responsabilidade de tod@s coidar os materiais e as instalacións do centro, facendo un uso axeitado dos mesmos. Todos os exemplares e recursos educativos deben estar localizados, sendo rexistrados no punto de Autoempréstito.
- **Autoempréstitos.** Todos os documentos catalogados na nosa biblio están á túa disposición. Para elo só tes que utilizar a aplicación de AUTOEMPRÉSTITO, instalada no ordenador situado fronte ao posto de xestión. Este ordenador ten ese uso exclusivo.
 No noso centro non existe o carnet de biblioteca: consideramos lectores/as a todos/as e cada un de nós dispón do seu número de lector/a.



Ao comezo do curso, cada un de nós disporá do seu propio número de lector/a e todos eles aparecerán recollidos no Caderno de Usuari@s ubicado no punto de AUTOEMPRÉSTITO.

O programa de autoempréstito mudou, polo que só farán uso do mesmo o alumnado biblioaxudante e profesorado; xa que o sistema KOHA require de usuario e contrasinal previo para usar o programa.

Calquera dúbida que xurda no seu uso pode consultarse directamente coa mestra responsable da BE ou co/a compañeiro/a do ciclo que forme parte do equipo de BE-DL.

No programa de autoempréstito deberase deixar constancia de todos os exemplares que se retiren para:

- ✓ *Empréstito alumnado/profesorado.*
- ✓ *Caixas Hora de Ler*
- ✓ *Bolsiñas Viaxeiras*
- ✓ *Mochilas Viaxeiras*
- ✓ *Materiais necesarios para o desenvolvemento de tarefas integradas, proxectos...*

É importante, coñecer que:

- Se non atopas o material a rexistrar na base de datos de KOHA, fai o autoempréstito en papel (arquivador a disposición no punto de xestión)
- Cada profesor/a ten un límite de 30 documentos e 90 días (un trimestre) como máximo para cada un.
- **Que me contas?** Esta actividade, proposta pola BE, é desenvolvida en cada titoría polo/a profesor/a titor/a. Recordar que dalgúns títulos temos exemplares numerosos.
- O tempo da **Hora de Ler (PLSS)** ten a consideración de tempo escolar e non a de tempo de recreo polo que, nos corredores debe reinar idéntico ambiente que durante as outras actividades regladas. A Hora de Ler é tempo valioso para facer medrar o hábito lector, sendo bo exemplo de lectura para o noso alumnado, compartindo lecturas e orientando/asesorando ao alumnado voluntario de lecturas compartidas Hoxe le... para que o acto lector compartido sexa momento de placer e benestar entre iguais.
- Contido da **Hora de Ler** e **Que me contas?** As lecturas destas actividades escolleranse de entre as da BE e as recollidas nos itinerarios lectores do presente Plan Lector Anual.
- Ao comezo de curso o equipo de BE é o encargado de implementar a **Formación de Usuari@s**. No Plan Lector achégase tamén a **Guía de Usuari@s**. Este tríptico en papel será de gran axuda para ser usuari@ competente da nosa biblioteca.



7. HÁBITOS E ITINERARIOS LECTORES

As actividades propostas dende o Equipo de Biblioteca e Dinamización Lingüística coa implicación directa de profesorado, alumnado e familias son diversas como: Hora de Ler, mochilas e bolsiñas viaxeiras, Hoxe le..., empréstito de e-books, recitais, contacontos, teatro, obradoiros de escritura, semanas temáticas... que contribúen ao fomento do hábito lector e mellora da competencia lectora en actividades sistematizadas de lectura e de expresión escrita e oral.

As lecturas procederán, en calquera caso, dos fondos da biblioteca porque só nese caso podemos asegurar os mínimos esixibles de pertinencia e calidade contrastada. O alumnado, ao igual que o profesorado, poderá facer suxestións de compras que serán valoradas polo equipo.

A nosa proposta é ofrecer, ensinar, dar a coñecer, favorecer, facilitar... para orientar e educar o gusto lector do alumnado. Serán os/as mestres/as titores/as quenes, nas sesións semanais de BE-LeoLab, asignadas no seu horario de aula, acompañen ao seu alumnado á biblio para coñecer intereses, gustos, preferencias lectoras a través do empréstito de exemplares, co que xa obterán información inmediata de que le cada alumno/a, podendo orientar os itinerarios persoais. Nesta actividade, os empréstitos dos exemplares elexidos realizarase a través do/a titor/a no punto de Autoempréstito mediante o sistema de xestión KOHA.

❖ E. Infantil:

Semanalmente o alumnado levará, a domicilio, **un libro** de lectura para ler en familia a través do empréstito indirecto coas bolsiñas viaxeiras (programa *Que me contas?* para 6º de E. Infantil, ver *Anexo IV*).

Ademais, semanalmente, as mochilas viaxeiras (2 por aula) viaxarán ás casas seguindo a orde que se estableza no grupo-clase.

Diariamente desenvolverán a Hora de Ler, a través da lectura individual/compartida e, dende o curso 2021/22, gozarán de 1 sesión á semana de lectura compartida cos compañeiros/as voluntarios/as de 3º a 6º de Primaria e/ou, dende o pasado curso 2022/23, das familias voluntarias (programa Lectura e Familias: Educa-Tribo) a través da actividade Hoxe le...

Para cumprir un dos obxectivos curriculares: creación da biblioteca persoal, propónse ás familias do alumnado escolarizado en E. Primaria, ao comezo de cada curso escolar, a compra persoal de dous títulos de calidade contrastada e dinamizando a lingua.

❖ 1º e 2º de E. Primaria:

O alumnado destes niveis levará, a domicilio, un **libro semanal** de lectura orientados polo/a titor/a a través do empréstito indirecto coas bolsiñas viaxeiras (programa *Que me contas?*, ver *Anexo IV*).

Ademais, semanalmente, as mochilas viaxeiras (2 por aula) viaxarán ás casas seguindo a orde que se estableza no grupo-clase.



Diariamente desenvolverán a Hora de Ler, a través da lectura individual/compartida e, dende o curso 2021/22, gozarán de 1 sesión á semana de lectura compartida cos compañeiros/as voluntarios/as de 3º a 6º de Primaria e/ou, dende o pasado curso 2022/23, das familias voluntarias (programa Lectura e Familias: Educa-Tribo) a través da actividade Hoxe le...

. Iniciarán a creación da súa biblioteca persoal coa compra dos seguintes 2 títulos:

Para 1º ciclo de primaria (1º e 2º):

- *Esperando o amencer*. Fabiola Anchorena. Kalandraka
- *Milo e Loberto*. Gastón Caba. Ed. Cumio

❖ 3º e 4º de E. Primaria

Proponse e recoméndase a **lectura dun libro semanal/quincenal** (ver *Anexo IV*). Ademais, semanalmente, as mochilas viaxeiras (2 por aula) viaxarán ás casas seguindo a orde que se estableza no grupo-clase.

Seguirán incrementando a súa biblioteca persoal coa compra dos seguintes 2 títulos:

Para 3º E.P.:

- *De quen é este ovo?* Susana Peix. Ed. Cumio
- *Animalia 4. Gris*. Xosé Tomás. Ed. Xerais

Para 4º E.P.:

- *Ota quere voar*. Ánxela Loureiro. Ed. Xerais
- *Capitán Lentella. Aventura a todo gas*. Jorge Campos. Ed. Xerais

❖ 5º e 6º de E. Primaria

Proponse e recoméndase a **lectura dun libro quincenal** (ver *Anexo IV*). Ademais, semanalmente, as mochilas viaxeiras (2 por aula) viaxarán ás casas seguindo a orde que se estableza no grupo-clase.

Seguirán incrementando a súa biblioteca persoal coa compra dos seguintes 2 títulos:

Para 5º E.P.:

- *Nogard*. Marilar Aleixandre. Ed. Xerais.
- *Ula e Vinca. O feitizo de primavera*. María Brenn. Antela Ed.

Para 6º E.P.:

- *O día que choveron gatos*. Eva Mejuto. Ed. Xerais
- *Xinfu. Muxel attacks*. Adrián Morgade. Ed. Xerais



8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Todo plan se define polo seu carácter aberto e flexible, de avaliación continua, polo que as adaptacións, ampliacións ou modificacións que poida sufrir na súa posta en práctica derivaran nunha mellora sustancial do redactado inicialmente.

A súa implementación deixaranos ver as súas fortalezas e debilidades que serán valoradas nas xuntanzas do equipo de BE-DL (ver Plan de Traballo 2023/24, *Anexo IX*) e dos diferentes equipos coa Xefatura de estudos. Asemade, as xuntanzas da CCP aportaránnos datos relevantes sobre a súa integración e desenvolvemento na didáctica de aula.

Para a avaliación utilizaranse enquisas e outros instrumentos que recollan tanto os aspectos a avaliar como as propostas de mellora, as aportacións nos diferentes blogs, no buzón de suxerencias... Será fundamental valorar aspectos tales como:

- Melloras ao longo do curso no nivel competencial do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Traballo cooperativo e organización.
- Implicación das familias.
- Grao de aproveitamento, uso e funcionamento, dos recursos da BE-LeoLab.
- Empréstitos realizados: directos e indirectos.
- Incremento de fondos e difusión entre os membros da comunidade educativa.
- Nivel de satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- Cumprimento dos obxectivos do Plan Lector Anual.

A memoria final será o documento onde recolleremos os resultados e as propostas de mellora, de cara a redactar as liñas prioritarias de actuación previstas para o vindeiro curso.





Imaxes de Xosé Tomás en <https://www.nosdiario.gal/>

Unha **meta** é un soño con data.

Este **plan** dividido en pasos é unha meta.

E todo plan apoiado pola responsabilidade individual e as accións colectivas convértese en **realidade**.

Fagamos realidade o noso plan de colexio, de biblioteca, **facendo** protagonista ao noso alumnado das súas aprendizaxes.

Aprendizaxes cargadas de lecturas, de emoción, de xogo, de imaxinación, de descubrimentos, de erros, de diversidade, de creatividade, de solidariedade... que o noso principal proxecto sexan elas e eles: nenas e nenos. Unha escola da que saian cada día coa mochila repleta de experiencias vitais que lles permitan medrar en autocoñecemento, para coñecerse e construírse, e no respecto e coidado mutuo, para cooperar e convivir.

**Unha escola bibliotecaria con corazón:
vertebrando aprendizaxes... para a vida!**

Fátima Romero Olveira
Mestra responsable da BE e coordinadora EDL
Setembro 2023, CEIP Milladoiro. Malpica



ANEXOS



Anexo I. Formación de usuari@s

➤ En liña: bemilladoiro.blogspot.com/2021/01/blog-post.html

➤ En papel:

A identidade dun libro

Un libro **identifícase** principalmente por:

- O título.
- O/A autor/a.

Tamén hai **outros** datos **moi** importantes para identificar un libro coma:

- Ilustrador/a
- Editorial
- Colección



Completa a **táboa** cos datos do libro da **imaxe** anterior.

Autor/a	
Título	
Ilustrador/a	
Editorial	
Colección	

BE-Lactub
CEP Milladoiro, Marguía de Bergantiños

A identidade dun libro



Completa as **táboas** cos datos dos libros das **imaxes** anteriores:

Autor/a	
Título	
Ilustrador/a	
Editorial	

Autor/a	
Título	
Ilustrador/a	
Editorial	
Colección	

BE-Lactub
CEP Milladoiro, Marguía de Bergantiños

Partes dun libro



Acabamos de coñecer cales son os datos que nos axudan a identificar un libro, que son:

Agora indica na seguinte táboa en que partes do libro podes atopar estes elementos que acabas de escribir:

Cuberta	Lombo	Portada

BE-Lactub
CEP Milladoiro, Marguía de Bergantiños

Organización da BE

Todos os libros están identificados con número de CDU (Clasificación Decimal Universal) que é un sistema de clasificación do coñecemento que nace da necesidade de ordenar e recuperar exemplares.



Completa a seguinte táboa identificando o número e cor da CDU:

Tema	CDU: Número	CDU: Cor
Os gatos		
A música		
Portugal		
As vacinas		

BE-Lactub
CEP Milladoiro, Marguía de Bergantiños



Organización da BE

A CDU simplificada da nosa Biblioteca contén imaxes asociadas a cada número para facilitar a busca de exemplares.

cdú simplificado CEIP MILLADOIRO

BE-LesLab
CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantinos

Organización da BE

Os tejuelos son as etiquetas pegadas nos lombos dos libros que serven para identificalos e recuperalos facilmente.

Os tejuelos están formados por unha signatura composta por:

- Número correspondente da CDU
- 3 primeiras letras do apelido do/a autor/a en MAIÚSCULAS
- 3 primeiras letras do título en minúsculas

843 (CDU: 8=Lingua e Literatura, 43=narrativa aventuras)
RIV (AUTOR: Rivadulla Corcón, Xosé Henrique)
can (TÍTULO: cando soa a buguina)

Escríbenos nos seguintes recadros os tejuelos dos exemplares seleccionados:

BE-LesLab
CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantinos

Organización da BE

Imos recordar o plano da nosa Biblio, onde podemos ver as diferentes zonas que conforman un dos espazos no que nos divertimos aprendendo.

> Escríbe na seguinte táboa as materias que se aloxan en cada un dos estantes, segundo o seu número:

Nº Estante	Materias (CDU)	Nº Estante	Materias (CDU)
1		7	
2		8	
3		9	
4		10	
5		11	
6		12	

BE-LesLab, Laboratorio Documental
CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantinos



Anexo II. Guía de usuari@s

Como atopar:

59
JON
aní

O nº correspondente da CDU, neste caso: ANIMAS

3 primeiras letras do apelido do autor en MAIUSCULAS

3 primeiras letras do título en minúsculas

Animais venenosos de Frances JONES sería este libro. Toparíalo no anel de ANIMAS.

Recorda: as libras de Literatura están ordenadas por cores e editoriais.

No noso catálogo en liña podes buscar, mesmo desde a tua casa!

[Catálogo BE Milladoiro](#)



Como buscar:

CDU simplificada

0 Obras Xerais	1 Filosofía	2 Relixións
3 Ciencias Sociais	4 Problemas Propios	5 Ciencias Naturais
6 Ciencias aplicadas	7 Artes	8 Língua e Literatura
9 Geografía e Historia		

Biblioteca Escolar Milladoiro
<http://www.biblioteca.milladoiro.com/>



GUÍA DE USUARI@S



BIBLIOTECA ESCOLAR MILLADOIRO

Municipio de Bergadillo

Para que...a Biblioteca

- ...para ler
- ...para ler a outros
- ...para buscar información
- ...para facer proxectos
- ...para compartir
- ...para levar libros
- ...para levar películas
- ...para levar música
- ...para solicitar copias

FONDOS: libros, e-books, películas, música, vídeos...

NIVEIS LECTORES - Literatura ordenada por cores:

- Primeiras lectoras (v)
- Autónomas (m)
- Expertas (m/m)

UN MUNDO LECTOR POR EXPLORAR!

IDIOMAS

Materiais en:

- Galego
- Castelán
- Inglés



Emprestitos:

- Dirección: recreo no punto de autoempréstito.
- Indirectos: horario asignado a cada grupo-clase a través do profesorado.

A domicilio (tempo máximo 15 días):

- 1 libro de Literatura.
- 1 película ou disco de música.
- 1 libro de consulta.
- NON SE EMPRESTAN: enciclopedias, dicionarios e produción propia.

Para as aulas:

LITERATURA

- 1 lote de libros.
- Tempo máximo: 1 trimestre.
- Leva o/a mestre/a.

CONSULTA

- Tempo máximo: a duración do proxecto.
- Leva o/a mestre/a.

EMOCIÓNATE NA TUA BIBLIOTECA, VIVE O TEU COLEXIO!



Formación de Usuarios en liña

Escema para acceder






PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO 2023-25



“Medicus curat natura sanat”

O Proxecto Documental Integrado (PDI) **“Medicus curat natura sanat”** é o centro de interese elixido, o tema que nos ocupará ao longo de dous cursos escolares: 2023-24 e 2024-25.

O título do PDI, aforismo de Hipócrates, deriva do exemplar, a disposición na nosa biblio, de Zuzanna Kisielewska “Nolens volens. Lo quieras o no” de editorial Juventud.

Máxima que adoptamos cun claro obxectivo: tratamento curricular de carácter transdisciplinar e transversal que favoreza a mellora da calidade de vida no ámbito físico e emocional nun tempo no que estimamos relevante o coidado dun mesmo e dos demais, sen olvidar que nenas/os están ao coidado das familias e, como apoio educativo, da comunidade, responsables últimos de propiciar unha educación de calidade.

Espírito científico, benestar emocional e físico, estilos e hábitos de vida saudables... son palabras clave para emprender unha nova travesía competencial, despertando a curiosidade, preguntándonos, investigando na procura de aprendizaxes para a vida que faciliten un óptimo desenvolvemento persoal e social.



O Obxectivo 3 de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da Axenda 2030, "garantizar unha vida sa e promover o benestar para todas/os en todas as idades", é de obrigado tratamento no desenvolvemento do presente proxecto que se integrará nas programacións didácticas de aula.

Unha temática ou centro de interese que posibilita un amplo abano de posibilidades segundo as necesidades particulares de cada titoría, permitindo que cada mestra/e lle dea ao tema o seu enfoque persoal, aquel que lle permita integralo mellor na Programación Didáctica da súa aula tendo, sempre, moi presente o Proxecto Educativo do centro e o Plan Lector Anual: proposta de actividades, organización espazo-temporal, recursos materiais e persoais...

A **transdisciplinabilidade** é característica *sine qua non* para aplicar a **Aprendizaxe Baseada en Proxectos** (ABP); polo que o uso e desfrute dos espazos e dos recursos materiais, documentais, tecnolóxicos, audiovisuais cos que contamos na nosa BE-LeoLab é un privilexio ao que non podemos renunciar fronte a metodoloxías máis tradicionais. A temática do PDI será a chispa que acenda a luz do coñecemento propio e alleo, en palabras de Sócrates "a educación é o acendido dunha chama, non o recheo dun recipiente"

Asemade, **elementos transversais e competencias clave** deben ser valorados e integrados nas tarefas a programar. Tarefas integradas que se nutrirán de alfabetizacións múltiples (informacional, dixital, mediática...) como unha competencia esencial para a vida.

No presente documento esbozamos as liñas xerais que estruturan o noso PDI, as cales se enriquecerán coa proposta de actividades por parte dos equipos docentes.

Polo antedito, o PDI organizarase arredor da proposta de actividades anuais para facilitar a súa **integración nas Programacións de Aula**; sen prexuízo de que se produzan modificacións na súa posta en práctica derivadas do seguimento e avaliación continua.

A **nosa gran fortaleza** radica no traballo colexiado, en comunidade, xuntas/os no proceso de ensino e aprendizaxe para seguir investigando, comunicando, emocionándonos, divertíndonos, valorando, compartindo, convivindo, creando... e sempre coa Biblioteca Escolar como faro-guía nesta singradura que iniciamos e na cal todas/os temos moito que contar e contamos moito.

A nova lei educativa, LOMLOE (*Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*), e a súa concreción na nosa Comunidade Autónoma é de aplicación para todos os niveis educativos. Lexislación que revalida a presenza da biblioteca escolar como recurso imprescindible para unha educación de calidade (título III, plans educativos, artigo 33 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro). Recurso co que xa contamos e dotamos, curso tras curso, para estar ao servizo do currículo



e da comunidade, para ser o centro vertebrador das aprendizaxes mediante o seu nutrido catálogo, actividades, espazos e recursos a disposición de todas/os.

No blog da BE e o blog do PDI recollense **recursos varios** en relación coa temática que nos ocupa; así como a implementación de actividades e laboratorios de aprendizaxe. Recursos que se irán incrementando no tempo, dando resposta ás necesidades da comunidade.

Os **recursos en liña** que facilitamos a continuación teñen como finalidade guiar ao profesorado, favorecendo o coñecemento do noso proxecto de colexio e a súa autoformación, así como favorecer a formación do alumnado:

- ✓ [Guía de Usuari@s da BE](#) Milladoiro
- ✓ [Formación de Usuari@s en liña](#)
- ✓ [Videotitoriais KOHA](#): autoempréstito mediante o sistema de xestión da nosa BE.
- ✓ [Catálogo BE Milladoiro](#)
- ✓ [Guía de Usuari@s de Radio na Biblio](#): Radio Balea
- ✓ [Guía de Usuari@s E-LBE.2](#): contidos dixitais
- ✓ [Leo le... en liña: recursos dixitais](#)
- ✓ [Lectura e familias: educa-tribo](#)
- ✓ [Laboratorios de aprendizaxe](#)
- ✓ [Plantilla de programación dos laboratorios de aprendizaxe](#)
- ✓ [Plantilla de tarefas integradas](#) (TI)
- ✓ Xornadas Biblioteca Creativa 2020: "[BE-LeoLab \(laboratorios de aprendizaxe\)](#)"
- ✓ Encontros PLAMBE 2021: "[PDI e TI](#)" (Proxecto Documental Integrado e Tareas Integradas)
- ✓ Artigo revista Eduga "[Biblioteca escolar: vertebrando aprendizaxes](#)" (revista eduga nº 83)
- ✓ Encontros PLAMBE 2022: "[BE, motor de innovación](#)"
- ✓ Encontros PLAMBE 2023: "[NÓS](#)" (BE: traballo por proxectos. Aula: investigación e tratamento da información)

O presente PDI apoia o desenvolvemento das **competencias clave**, destacando:

CCL (Competencia en comunicación lingüística)

- Crear entusiasmo pola lectura e pola escritura.
- Explorar as características e recursos propios da lingua oral e da lingua escrita.
- Aprender vocabulario oral e de lectura específico, ampliando o propio.
- Recoñecer as características da tipoloxía textual: descriptivo, narrativo, explicativo/expositivo, argumentativo e conversacional en diferentes soportes e



formatos (conto, poesía, cómic, teatro, xornal...)

- Elaborar diferentes tipos de textos.
- Reflexionar sobre aspectos gramaticais e ortográficos da linguaxe escrita e oral.
- Valorar a lectura como saudable ximnasia mental, exercicio persoal e social: ler para axilizar o pensamento, para recoñecer e profundizar nas nosas emocións, para manter activa a imaxinación... ler para vivir!

No tocante á **Investigación e Tratamento da Información**, elemento transdisciplinar/transversal:

- Aprender a realizar investigacións efectivas.
- Localizar a información pertinente: fontes orais, escritas, dixitais, audiovisuais...
- Recoller a información respectando a ética das publicacións.
- Seleccionar a información empregando diferentes tipos de lectura (lectura oral ou en voz alta, lectura silenciosa, lectura rápida ou superficial, lectura comprensiva...)
- Utilizar diferentes tipos de textos: icónicos (cómic, anuncio publicitario, cartel...), discontinuos (táboas, gráficos, mapas, listaxes, liñas do tempo, infografías...), narrativos, descritivos, científicos...
- Tratar a información: transformar a información entrante para producir información saínte (lectura, escritura, copia, gravación, tradución...)
- Presentar a información e comunicala utilizando, preferiblemente, os recursos propios da lingua oral.

O antedito recóllese nun dos descritores operativos do perfil de saída da educación primaria e que establece na CCL.3 (Decreto 155/2022, do 15 de setembro):

“Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual”

CD (Competencia dixital):

- Crear carpetas e gardar documentos.
- Utilizar un procesador de textos.
- Facer uso de, alomenos, dous navegadores (Firefox, Explorer, Chrome...)
- Capturar imaxes e inserilas respectando a ética das publicacións.
- Usar o correo electrónico.
- Crear un caderno electrónico.
- Crear un arquivo de voz.
- Usar diferentes programas/aplicacións dixitais (canva, kahoot, chatterkid...)
- Iniciarse na linguaxe de programación informática por bloques: scratch, micro-bit...

STEM (Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría):

- ❖ Utilizar o pensamento científico para entender e explicar fenómenos ao seu arredor.
- ❖ Participar en accións para promover a saúde, preservar o medio ambiente, protexer os seres vivos...



- ❖ Usar de modo eficaz as medidas de tempo, peso, capacidades, lonxitude.
- ❖ Construír liñas temporais, infografía, carteis...
- ❖ Ler, interpretar e realizar gráficas e táboas de recollida de datos.
- ❖ Aplicar a xeometría en relación coa construción de maquetas, prototipos...

CPSAA (Competencia persoal, social e de aprender a aprender):

- ❖ Estimular a curiosidade facéndose preguntas.
- ❖ Adoptar estilos de vida saudables para o benestar físico e emocional.
- ❖ Adquirir autoconfianza, así como o gusto por aprender.
- ❖ Recoñecer as diferentes fontes de información e aprender a usalas segundo a súa idoneidade.
- ❖ Valorar a diversidade de fontes de información: escritas, orais, dixitais, audiovisuais...
- ❖ Perseguir a transformación da información en coñecemento.
- ❖ Aplicar os novos coñecementos a diferentes contextos.
- ❖ Valorar o erro na construción de aprendizaxes.
- ❖ Cooperar na construción de aprendizaxes significativas.
- ❖ Participar en procesos de autoavaliación e coavaliación.

CC (Competencia cidadá):

- ❖ Aprender a identificar e valorar a diversidade cultural.
- ❖ Analizar e reflexionar sobre hábitos de consumo relacionándoos cos refugallos e a súa xestión.
- ❖ Reflexionar sobre as normas de convivencia e aplicalas en calquera contexto.
- ❖ Participar de maneira activa e proactiva nas actividades da comunidade: respecto, diálogo, empatía, solidariedade...

CP (Competencia plurilingüe):

- ❖ Coñecer e respectar a diversidade lingüística da súa contorna.
- ❖ Valorar a diversidade lingüística e cultural como factor de diálogo para mellorar a convivencia.

CE (Competencia emprendedora):

- ❖ Estimular a creatividade, dando protagonismo ao alumnado.
- ❖ Cooperar na creación de ideas e solucións orixinais, de produción propia.
- ❖ Identificar e valorar as propias fortalezas e debilidades: autocoñecemento.

CCEC (Competencia en conciencia e expresión culturais):

- ❖ Usar diferentes linguaxes artísticas e culturais, valorando as propias.
- ❖ Respectar, valorar e salvagardar o patrimonio.



Os **produtos parciais e finais**, en formato electrónico, que se deriven do presente PDI formarán parte dos repositorios do centro, sendo moi conscientes de que son propiedade última do alumnado; ao igual que os produtos en formato papel dos que daremos boa conta para valorar e preservar as creacións de produción propia.

Na seguinte táboa ofrecemos exemplos de posibles produtos parciais a ter en conta nas programacións de cada nivel educativo e pechamos a presente folla de ruta do PDI cos máis que probables produtos finais de centro, dado o carácter aberto e flexible que o caracteriza.

Produtos parciais:

Escritos	Expositivos	Tecnolóxicos	Outros
Carta Narración Receita Biografía Entrevista Artigo	Canción Dramatización Declamación Narración Publicidade	Publicación no blog Arquivo de voz Caderno electrónico Producións audiovisuais Liñas temporais Gamificación	Enquisa Debuxo Collage Mural Fotografía Kamishibai

Produtos finais:

- Libro/s de produción propia
- Audiovisuais
- Murais
- Exposicións

O proceso e consecución de produtos parciais e finais contará en todo momento co apoio e asesoramento dos membros do Equipo BE-DL., así como da Xefatura de estudos.

O blog do PDI que, como medio de difusión e autoavaliación, aloxará os produtos parciais/finais e enlaces a recursos propios e alleos é o que segue:

<https://medicusnatura.blogspot.com/>

Asemade, a proposta de actividades, recursos asociados e produtos parciais/finais publicaranse en:

- ✓ Blog da Biblioteca: <http://bemilladoiro.blogspot.com/>
- ✓ Blog LeoLab: <http://leolabmilladoiro.blogspot.com/>
- ✓ Sitio de Radio Balea: <https://sites.google.com/view/ceipmilladoiro-radio-na-biblio/inicio>
- ✓ Blog de Dinamización da Lingua: <http://nlmilladoiro.blogspot.com/>
- ✓ Blog Leo le... nós lemos!: <http://nautilusmil.blogspot.com>



No tocante aos niveis educativos, os blogs de ciclo que aloxarán as publicacións de cada aula son:

- ✓ Blog de E. Infantil: <http://cativosmilladoiro.blogspot.com>
- ✓ Blog de 1º ciclo de primaria (1º e 2º): <http://picarosmilladoiro.blogspot.com>
- ✓ Blog de 2º ciclo de primaria (3º e 4º): <http://baleatos.blogspot.com>
- ✓ Blog de 3º ciclo de primaria (5º e 6º): <http://malpicamil.blogspot.com>

Naveguemos, dous cursos máis, nun mar de aprendizaxes vívidas, construtivas e compartidas ao redor da educación para a saúde, da educación na natureza, da educación en valores... un PDI do máis saudable!

Equipo BE-DL / Xefatura de estudos

Setembro 2023



Anexo IV. Programa Que me contas?

Actividade de animación á lectura que varía lixeiramente de forma segundo o ciclo á que se dirixe.

Algúns dos **obxectivos** que perseguimos co presente programa son:

- Expresar as preferencias lectoras, educando o gusto lector.
- Adquirir/Automatizar conceptos básicos de Formación de Usuarios/as: título, autor/a, ilustrador/a...
- Rexistrar as lecturas do curso: Rexistro Anual de Lecturas.

Desenvolvemento

O programa propónse para desenvolver segundo a etapa/ciclo, sen prexuízo de modificar a temporalización de empréstimos e adaptar o programa as características organizativas do grupo-aula e singularidades do seu alumnado.

As lecturas poden proceder dunha selección previa de libros, libros dos itinerarios lectores recollidos no presente Plan e/ou a disposición na nosa biblioteca.

• 6º de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria

O alumnado levará un libro semanal, mediante o empréstimo indirecto (a través do/a titor/a), para ler en familia, incentivando o gusto pola lectura compartida, e completar a ficha-rregistro.

As fichas-rregistro arquivaranse na aula nun lugar destinado ao efecto. A final de curso todo o Rexistro Anual de Lecturas será encadernado e entregado ao alumnado.

QUE ME CONTAS?
TÍTULO: _____
LIN CON (número páxinas por semana): _____
DATA: _____
PÁXINAS: ○
PALABRA DO LIBRO: _____
[Recadro para o nome do libro]
[Mapa de Galicia]

Nome: _____ Apelidos: _____ Data: _____
QUE ME CONTAS?
Título: _____
Autor/a: _____
Número de páxinas: □
Gustábovos? Colorea:
😊 😐 😞
[Mapa de Galicia]

Nome: _____ Data: _____
QUE ME CONTAS?
Título: _____
Autor/a: _____
Personaxes: _____
Onde sucede? _____
Que ocorre? _____
Que puntuación de 1 a 10 Colorea:
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
Personaxes protagonistas. Debuxa:
[Recadro para debuxar]
[Mapa de Galicia]

• 2º ciclo de Educación Primaria

O alumnado levará un libro semanal, mediante o empréstimo directo/indirecto: hora de recreo ou a través do/a titor/a se así se decide.

A *Hora de Ler* será a sesión destinada a lectura e realización da ficha rexistro, se non fose suficiente deberá completarse na casa.

As fichas rexistro arquivaranse na aula nun lugar destinado ao efecto. A final de curso todo o Rexistro Anual de Lecturas será encadernado e entregado ao alumnado.

Que me contas?
NOME: _____
Título: _____
Autor: _____
Resumo: _____
Data: _____

• 3º ciclo de Educación Primaria

O alumnado levará un libro quincenal, mediante o empréstimo directo/indirecto: hora de recreo ou a través do/a titor/a se así se decide.


A *Hora de Ler* será a sesión destinada a lectura e realización da ficha rexistro, se non fose suficiente deberá completarse na casa.

As fichas rexistro arquivaranse na aula nun lugar destinado ao efecto. A final de curso todo o Rexistro Anual de Lecturas será encadernado e entregado ao alumnado.

Recursos

A Biblioteca dispón dalgúns títulos con exemplares numerosos. Por se fora do interese do/a profesor/a facer algunha lectura colectiva.

Asemade, incluímos unha gráfica lectora para tratar un dos contidos curriculares de maneira transdisciplinar, integrando a representación gráfica de datos. Os diferentes modelos de ficha rexistro, por etapa/ciclo, e a gráfica lectora están incluídos no usb que se entrega ao profesorado ao comezo de curso, cartafol BE 2023/24 e os cales tamén están a disposición, en formato papel, na aula de reprografía-conserxería para fotocopiar.



Calqueira dúbida consultar ao equipo de BE-DL.

Equipo de BE-DL

Curso 2023-24



Anexo V. Programa Lectura e Familias:

Educa-Tribo

No noso centro consideramos que educa toda a tribo (profesorado, familias, alumnado, contorna...), sumando á comunidade, enriquecendo as aprendizaxes, e cantas máis diversas experiencias de vida máis opcións para descubrir as nosas potencialidades.

Por iso, o pasado curso iniciamos o proxecto Educa-Tribo que presentamos ao programa Lectura e Familias promovido pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia e o cal nos foi concedido xunto coa dotación orzamentaria correspondente.

No presente curso, damos continuidade a devandito programa que se caracteriza por dúas liñas de actuación: lectura e formación.

No tocante á lectura desenvolvemos a actividade Hoxe le... de lecturas compartidas entre iguais e coas familias; a cal centraremos, no presente curso, ao redor de semanas temáticas das cales daremos conta en próximos comunicados.

En canto ás formacións, que se organizaron entre iguais, con familias e con formadoras/es, queremos seguir contando coa colaboración da comunidade; polo que se considerades, alumnado e familias, que sodes "expertos/as" nalgunha temática... a nosa biblio será o voso espazo!

Algunhas temáticas-exemplo para as formacións son: técnicas de debuxo, pintura, manualidades, cerámica, costura, xadrez, teatro, canto, baile, instrumentos musicais, construcións, creacións dixitais, programación con scratch ou makecode, robótica, electrónica, electricidade...

Estas formacións están dirixidas ao alumnado de primaria ao longo dunha sesión (mércores de 11:30-12:20 h.) a partires do mes de outubro, e valoramos que sexan dinámicas, onde poder facer, tocar, experimentar, crear... en definitiva, desenvolver un papel activo.

Se vos interesa participar e sumar/multiplicar en comunidade, cubride a seguinte solicitude e, unha vez recollidas, a mestra responsable da biblioteca establecerá contacto con alumnado e familias para colaborar na organización espazo-temporal, desenvolvemento, metodoloxía e recursos da actividade. Ante calquera dúbida, podedes contactar mediante o profesorado-titor.

Concretar que, independentemente de que un neno/a estea matriculado en infantil, a súa familia poderá impartir a formación en primaria; posto que a presente proposta está aberta a toda a comunidade. As formacións específicas para o alumnado de infantil serán xestionadas polas titoras (día, hora, recursos...)

Agradecemos de antemán a vosa colaboración á comunidade para poder seguir desenvolvendo unha educación de calidade.

Saúdos cordiais,

A Dirección
Equipo de BE-DL





XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA MILLADOIRO
Código de centro: 19030768



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN "EDUCA-TRIBO"

(Modelo **familias**)

Eu _____ como (relación de parentesco) _____ do/a alumno/a _____ do curso _____ Infantil/Primaria, quero participar coa seguinte:

❖ **Actividade formativa** (breve descrición da mesma):

Formación que se impartirá **un mércores en horario de 11:30 a 12:20 h.**

Teléfono de contacto: _____

Data límite de inscrición: venres 23 de setembro

En Malpica, a ___ de setembro de 2023

Sinatura: _____





XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
MILLADOIRO
Código de centro: 19036793



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN "EDUCA - TRIBO"

(Modelo **alumnado**, para **cubrir na aula**)

No caso de querer impartir a formación en pequeno grupo (parella ou trío) ou en gran grupo cubrir unha única solicitude, incluíndo os nomes dos/as expertos/as ou, de ser o caso, a aula experta:

Alumno/a: _____

Curso: _____

Experto/a en: _____

Comprométome a elaborar a plantilla de desenvolvemento da miña formación, que será facilitada pola mestra responsable da biblio contando sempre co seu apoio didáctico e organizativo.

En Malpica, a ____ de setembro de 2023

Sinatura:



Anexo VI. Laboratorios de aprendizaxe



1. Xustificación

O [CEIP Milladoiro de Malpica de Bergantiños](#) (A Coruña) é un centro público e rural situado na comarca de Bergantiños, concretamente na denominada Costa da Morte.

O noso centro conta cunha [biblioteca escolar](#) que constitúe o corazón do noso colexio e así se reflicte no noso ideario e concreción curricular de centro (PEC e PCC). Unha biblioteca que posibilita a nosa escola formar parte de plans e programas, a nivel autonómico, como o [Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares](#) (PLAMBE) desde a súa primeira convocatoria no curso 2004/05 e o [Plan LIA.2](#) (Lectura, Información e Aprendizaxe) desde o curso 2018/19.

O Plan LIA.2 posibilitou a creación dun “espazo maker”, anexo á biblioteca, xunto cos recursos necesarios: impresora 3D, taller, robótica...Este novo espazo, xunto cos xa creados en anteriores cursos: aula de cociña, estudio de radio, aula audiovisual, laboratorio de ciencias..., dan lugar a nosa BE-LeoLab (Biblioteca Escolar-LeoLab)



[Biblioteca Creativa. Xornadas de formación \(2020\)](#)

Unha biblioteca escolar, a BE-LeoLab Milladoiro, do século XXI: aberta e ubicua, con espazos e recursos creativos ao servizo do currículo e da comunidade.

A necesaria organización pedagóxica dos diversos contextos educativos deu lugar aos laboratorios de aprendizaxe que nos son propios. Laboratorios entendidos como situacións de aprendizaxe onde o alumnado é o centro do acto pedagóxico grazas a metodoloxías activas.

Metoloxías activas baseadas na aprendizaxe por descubrimento, unha aprendizaxe vívida, emocional e construtiva que posibilita o óptimo desenvolvemento competencial: ser, facer, saber e convivir; así como o desenvolvemento dun pensamento creativo, empático e crítico.

2. Obxectivos

Os laboratorios de aprendizaxe xurdiron para asentarmos un novo concepto de biblioteca. Unha biblioteca que pasa de ser un centro de recursos para a aprendizaxe a ser un espazo creativo de aprendizaxes (biblioteca creativa)

A implementación dos laboratorios de aprendizaxe persegue os seguintes obxectivos:


- Abrir camiños para o óptimo desenvolvemento competencial, nos que o alumnado aprende a partir das súas experiencias, transformando a información en coñecemento (alfabetización en información) mediante o uso dos recursos documentais, audiovisuais, tecnolóxicos... da nosa BE-LeoLab.
- Transitar o camiño cara metodoloxías máis activas fronte ás metodoloxías tradicionais que só usan o libro de texto como única fonte de consulta, de saber.
- Desenvolver hábitos de traballo en equipo; así como sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade.
- Compensar as desigualdades de partida. Independentemente do profesorado que titorice ao alumnado, todas/os farán uso dos espazos e recursos creativos da nosa BE-LeoLab.

3. Desenvolvemento

No curso 2019/20 puxemos en marcha a nova organización de persoal, espazos, recursos, tempos... para favorecer o desenvolvemento de situacións ou contextos de aprendizaxe para todas e todos.

Os [laboratorios de aprendizaxe](#), entendidos como contextos onde aprender facendo en equipos internivel con profesorado que orienta e guía, son a base de aprendizaxes motivadoras e lúdicas. Os cinco laboratorios de aprendizaxe son os que seguen:

- Laboratorio Documental, impleméntase na biblioteca escolar.
- Laboratorio Experimental, impleméntase na aula sensorial e aula de ciencias.
- Laboratorio de Imaxe, impleméntase no LeoLab (“espazo maker”)
- Laboratorio de Son, impleméntase no estudio de Radio Balea.
- Laboratorio de Ideas, impleméntase no LeoLab ou na aula de cociña.



A metodoloxía empregada basease na construción do coñecemento, partindo da experiencia persoal e social que se enriquece co traballo en equipo e a busca, tratamento e comunicación da información. Unha metodoloxía na que o alumnado é produtor das súas aprendizaxes e non só un mero consumidor. O carácter transdisciplinar e transversal de cada laboratorio posibilitan a ruptura temporal e espacial; así como enriquecen o ser de alumnado e profesorado.

A participación de todo o profesorado no desenvolvemento dos laboratorios é indispensable; así dotamos aos laboratorios dos recursos persoais indispensables, organizando equipos creativos de traballo, tal e como segue:

- ❖ Equipo de biblioteca escolar e dinamización da lingua
- ❖ Equipo de radio.
- ❖ Equipo tecnolóxico.
- ❖ Equipo creativo
- ❖ Equipo de ciencias.

Cada equipo encárgase da programación anual do seu laboratorio e de aportar a proposta de actividades en relación co Proxecto Documental Integrado que nos ocupa cada curso escolar, ademais do mantemento e organización dos espazos relacionados cos seus laboratorios (aula de cociña, aula chroma, estudio de radio...)

As programacións de cada laboratorio contan co apoio e asesoramento do equipo de biblioteca, que proporciona a plantilla de [Tarefas Integradas \(TI\)](#) para a necesaria organización pedagóxica. Cada plantilla de TI atende aos seguintes aspectos esenciais:

- ✓ Competencias clave, aquel desenvolvemento competencial que sexa factible de acadarse na implementación de cada laboratorio.
- ✓ Criterios de avaliación de cada unha das áreas que abarca a TI.
- ✓ Actividades secuenciadas que nutren a TI.
- ✓ Produto ou produtos finais que se esperan acadar.
- ✓ Recursos bibliográficos, dixitais, materiais...
- ✓ Ferramentas TAC: tabletas, portátiles, pantallas dixitais interactivas, aplicacións educativas...
- ✓ Agrupamentos/Organización: equipos de traballo, espazos...
- ✓ Temporización da TI, actividades, produto final...
- ✓ Difusión: blog, galería de imaxes...

Os modelos de TI orientan o labor docente, mais a súa riqueza radica no proceso de desenvolvemento. As modificacións que se orixinan na súa posta en práctica son froito do traballo en equipo que, desde a propia visión de cada neno/a se integran coa visión docente e a colaboración da comunidade resultando un proceso recíproco altamente comunicativo, emotivo, creativo, construtivo...

A organización temporal dos laboratorios recóllese no calendario anual de actividades, desenvolvéndose nas dúas últimas sesións lectivas de cada mércores ao longo do curso escolar.

O alumnado organízase para o traballo interniveis, de outubro a maio, tal e como segue:

- ❖ Educación Infantil, 1º e 2º de E. Primaria desenvolven os cinco laboratorios que nos son propios.
- ❖ 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria desenvolven seis laboratorios: os cinco que nos son propios e un laboratorio de cociña en inglés (Cooklab)

No tocante aos espazos, os diferentes laboratorios ubícanse tal e como se pode ver nas seguintes imaxes:



✓ Laboratorio Documental



Biblioteca (1ª planta)

✓ Laboratorio Experimental (1ª e 2ª planta)



Aula sensorial (1ª planta)



Aula de Ciencias (2ª planta)

✓ Laboratorio de Imaxe (1ª e 2ª planta)



LeoLab (1ª planta)




Aula audiovisual (2ª planta)

✓ Laboratorio de Son (1ª planta)



Estudio de Radio Balea (2ª planta)

✓ Laboratorio de Ideas (1ª planta)



LeoLab (1ª planta)



Aula de cocina (1ª planta)

4. Avaliación

A avaliación realízase sempre coa finalidade de obter resultados cualitativos, non cuantitativos, que nos leven á mellora do proceso iniciado.

A autoavaliación permite a mellora das tarefas deseñadas, así como a adaptación das actividades en calquera momento do curso escolar, sempre tendo en conta o carácter aberto e flexible de toda programación.

A autoavaliación abarca a programación, ao alumnado, ao profesorado.... coa finalidade de obter toda a información que permita detectar fortalezas e debilidades de cara a mellora, curso tras curso, de cada un dos laboratorios implementados.

O primeiro curso escolar, 2019/20, de implementación dos laboratorios estivo marcado pola pandemia; mais a avaliación do 1º trimestre foi altamente positiva por parte de alumnado e profesorado.

Os seguinte dous cursos escolares , 2020/22, tivemos que reorientar os laboratorios por mor das normas COVID-19 que obstruían a natural socialización escolar. Encamiñamos os laboratorios ao seu desenvolvemento por parte de cada titoría co apoio e a orientación da biblioteca.

O pasado curso, 2022/23, retomamos os laboratorios interniveis que foron acollidos con gran emoción e excelentemente valorados. Volvemos ocupar os espazos creativos por equipos internivel, compartindo aprendendo xuntas/os.

Un dos instrumentos de valoración final que usamos cada curso escolar é a memoria dos laboratorios, que nos aporta datos moi enriquecedores para continuar mellorando a programación, os espazos, os recursos, a organización, os tempos... Asemade, as reunións Xefatura/Equipos aportan ao proceso avaliativo un valor altamente construtivo.

Podiamos dicir que o presente curso escolar estamos a completar un camiño que iniciamos no 2019/20 e foi interrompido pola situación socio-sanitaria que nos tocou vivir. Unha situación que nos fixo ser creativas/os para seguir na senda dunha educación pública e no rural de calidade, non renunciando ao somos e facemos no Milladoiro.

Suliñar que a avaliación final non persegue tanto a cantidade como a calidade de experiencias. Experiencias para o alumnado como creador de aprendizaxes e para o profesorado como revulsivo de mellora da práctica docente.

XUNTA DE GALICIA | COLEGIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA MILLADOIRO

ENCUESTA - MEMORIA LABORATORIOS

1. Comprobarse os obxectivos programados para o Laboratorio?

2. Adición de datos:

Metodoloxía	Recursos	Espazos	Temperatización	Organización

Marcar unha X

3. Melloras dos puntos anteriores:

4. O que máis ben foi...

5. Sugerencias:

6. Valoración global:

El Centro Laboratorio de aprendizaje

e

5. Conclusión

Na actual sociedade da información non podemos cingirnos a metodoloxías tradicionais, se non que debemos actuar con valentía, sen medo a errar, para ofrecer ao noso alumnado a educación do tempo no que vivimos: educación inclusiva, equitativa e de calidade (ODS 4 da Axenda 2030)

Educación que se asenta na alfabetización múltiple (informacional, mediática, dixital...) que nos permite adquirir ferramentas e habilidades para aprender ao longo da vida, sendo esta unha competencia esencial para a vida.

O mundo está en constante evolución e as prácticas educativas que buscan homoxeneizar ao alumnado quedaron obsoletas; polo que se fai preciso, máis ca nunca, transitar o camiño competencial: actitudes (ser), procedementos (facer), contidos (saber) e traballo en equipo/comunidade (convivir)

Os nosos laboratorios de aprendizaxe xurdiron para seguir transitando esta senda competencial e acompañar ao profesorado, que o solicite, no cambio de paradigmas. Situacións de aprendizaxe para todas e todos, que nos permiten seguir experimentando, construíndonos, emocionándonos, curso tras curso, aprendendo dos nosos erros e apoiándonos nas nosas fortalezas: aprendizaxes... de vida e para a vida!

BE-LEOLAB MILLADOIRO

Un novo concepto de Biblioteca Escolar por e para unha educación pública, sostentable e inclusiva de calidade (ODS 4, Axenda 2030)

Espazos creativos ou laboratorios de aprendizaxe ao servizo do currículo e da comunidade. Unha Biblioteca aberta e ubícuo onde aprendemos a...

SER + FACER + SABER + CONVIVIR

Evolución da nosa BE

Cursos	Con tempo e no seu tempo!
2016/17	Aula de Ciencia + Programa Escorialista BE Escorial
2017/18	Programa Aula de Ciencia + Plan LIA.2
2018/19	BE-LeoLab Milladoiro
2019/20	Laboratorios de aprendizaxe
2020/21 2021/22	Laboratorios de aprendizaxe no tempo de pandemia

CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantiños

[Encontros PLAMBE 2021/22](#)



Anexo VII. Alfabetización múltiple

O dicionario da Real Academia Galega define o verbo transitivo *alfabetizar* como segue:

1. Ensinar a ler e escribir.

O Goberno cumpriu o obxectivo de alfabetizar toda a poboación.

A definición recolle dúas destrezas básicas e imprescindibles, ler e escribir, que toda persoa ten dereito a saber e que constitúen a base da aprendizaxe ao longo de toda a vida. A escola é o espazo formal para desenvolver estas destrezas, mais na actual sociedade do coñecemento estamos na obriga de ofrecer ao noso alumnado unha alfabetización múltiple.

A alfabetización múltiple, seguindo a definición das [Conclusións do Consello Europeo, do 26 de novembro de 2012](#), é:

“un concepto que engloba tanto as competencias de lectura como de escritura para la comprensión, utilización y evaluación crítica de diferentes formas de información, incluidos los textos e imáxenes, escritos, impresos o en versión electrónica, y abarca la alfabetización básica, funcional y múltiple.

Se entende por alfabetización básica el conocimiento de las letras, palabras y estructuras textuales necesario para leer y escribir a un nivel que permita la confianza en sí mismo y la motivación para un desarrollo adicional.

Se entiende por alfabetización funcional la capacidad de leer y escribir a un nivel que permita desarrollarse y desenvolverse en la sociedad, en casa, en la escuela...

Se entiende por alfabetización múltiple la capacidad de utilizar la lectura y la escritura para producir, comprender, interpretar y valorar críticamente la información escrita.”

A alfabetización múltiple facilita ferramentas e habilidades para desenvolver capacidades de reflexión, de expresión oral, de pensamento crítico, empático e creativo logrando a plena participación na sociedade dixital, da información, do coñecemento.

A nosa escola transita a senda dunha educación acorde ao tempo no que vivimos, século XXI, tal e como se reflicte no seu Proxecto Educativo e funcional, no Proxecto Lector de Centro e outros documentos que sustentan o noso ideario de escola. Unha escola que ten como eixo vertebrador do proceso de ensino e aprendizaxe a súa biblioteca: a BE-LeoLab.

A biblioteca é recurso imprescindible en toda escola, e na nosa é unha realidade que nos esmeramos en coidar polo que reporta a nosa pequena comunidade educativa no relativo á calidade, equidade e inclusión educativa.

Dende a educación documental ata a aprender a investigar buscamos, curso tras curso, a mellora do proceso educativo do noso alumnado, o cal desenvolve un papel activo nas súas aprendizaxes.

Os anteriores anexos: formación de usuarias/os, Proxecto Documental Integrado, programas e laboratorios de aprendizaxe, revalidan unha educación que persigue a alfabetización múltiple mediante metodoloxías activas nas que o libro de texto non pode ser a única fonte de consulta,

de saber, e o espazo educativo non se pode cingir exclusivamente á aula-titoría.

A nosa BE-LeoLab ofrece recursos e espazos creativos onde desenvolver aprendizaxes interpretativas que propicien un desenvolvemento competencial efectivo e afectivo, nas que a transdisciplinariedade e transversalidade son elementos clave.

Aos recursos xa recollidos no presente Plan Lector queremos engadir aqueles relacionados directamente coa alfabetización en información (alfin), tales como:

- Cadernos [Leo anímate a... investigar!](#) Cadernos de produción propia como portfolio do alumnado para incentivar a aprendizaxe por descubrimento. Solicitar á mestra responsable da biblioteca a versión editable.
- Programación [Aprender a Investigar](#). A publicación da nova lei educativa e a súa concreción curricular na nosa Comunidade Autónoma fai desaparecer a Libre Configuración; en consecuencia na nosa escola desaparece Aprender a Investigar que se implementaba en 4º e 6º curso de primaria. Derivamos, pois, a súa integración nas programacións didácticas de aula e nos laboratorios de aprendizaxe que nos son propios.
- O [caderno alfin](#). Caderno que ofrecemos ao profesorado como recurso didáctico a considerar nas súas programacións.

Recollamos, pois, nas nosas programacións tarefas integradas que posibiliten ao noso alumnado o pleno desenvolvemento das súas intelixencias, capacidades, habilidades, destrezas... acorde ao tempo e contexto no que medran; sen olvidar que o equipo de biblioteca, coa mestra responsable como coordinadora, están a disposición da comunidade, do profesorado que solicite apoio e asesoramento para transitar cara o paradigma educativo que nos é propio.



Anexo VIII. Marcadores persoais Leo

Cada titoría revisará os marcadores persoais, ao comezo de curso, por se hai que elaboralos todos por cambio de curso-cor ou só algúns deles (alumnado novo/repetidor).

As plantillas Leo están depositadas en conserxería-aula de reprografía e os restantes materiais na aula de recursos do centro.

O alumnado escribirá o seu nome na parte dianteira e na traseira escribirá un parágrafo, verso, estrofa dun libro (a gusto do/a lector/a). Unha vez rematados serán plastificados.



Estes marcadores quedarán depositados na entrada da BE para o seu uso no momento de empréstimos indirectos e directos.

MARCADORES PERSOAIS LEO	2013 – 14 2020 - 21	2014 – 15 2021 – 22	2015 – 16 2022 - 23	2016 – 17 2023 - 24	2017 – 18 2024 - 25	2018 -19 2025 – 26	2019 – 20 2026 – 27
Educación Infantil	AMARELO	AMARELO	AMARELO	AMARELO	AMARELO	AMARELO	AMARELO
1º E.P.	AZUL	LARANXA	VERMELLO	ROSA	LILA	VERDE	AZUL
2º E.P.	VERDE	AZUL	LARANXA	VERMELLO	ROSA	LILA	VERDE
3º E.P.	LILA	VERDE	AZUL	LARANXA	VERMELLO	ROSA	LILA
4º E.P.	ROSA	LILA	VERDE	AZUL	LARANXA	VERMELLO	ROSA
5º E.P.	VERMELLO	ROSA	LILA	VERDE	AZUL	LARANXA	VERMELLO
6º E.P.	LARANXA	VERMELLO	ROSA	LILA	VERDE	AZUL	LARANXA

Anexo IX. Plan de Trabajo 2023-24

Establecemos 7 grandes bloques de obxectivos, que subdividimos, para organizar o traballo anual da biblioteca en relación coa comunidade educativa.

Os obxectivos non se modifican sustancialmente curso tras curso, posto que son obxectivos a acadar con diferentes niveis de desenvolvemento e atendendo sempre ás necesidades da comunidade: alumnado, familias e profesorado.

Nas reunións de equipo BE-DL imos realizando o seguimento dos obxectivos marcados para ir completando a autoavaliación final que nos permite detectar debilidades e fortalezas de cara ao vindeiro curso 2024/25. Valoración que faremos nos seguintes termos: pendente, iniciado, en proceso, acadado.

Obxectivo: xestión técnica				
QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Incorporar a todos/as usuarios/as á base de datos de KOHA co fin de facer os movementos de fondos a través del.	Creando o noso caderno de usuarios/as dispoñible no punto de Autoempréstito.	Responsable BE Secretaría do centro	Mes de setembro	
Divulgar o programa KOHA (Autoempréstito) Formar a profesorado e alumnado no uso e funcionamento da BE: usuari@s competentes.	Formación de usuarios/as Guía de usuarios/as Sesións formativas	Equipo BE Profesorado Biblioaxudantes Responsable BE	Mes de setembro Todo o curso	
Facer o tratamento técnico de todos os materiais do centro.	Rexistrando e catalogando todos os materiais que se adquiren con fondos do centro, calquera que sexa a súa procedencia.	Responsable BE Secretaría do centro	Todo o curso	
Expurgar os materiais innecesarios, deteriorados ou inapropiados.	Comprobando os fondos e o seu contido.	Equipo BE Profesorado Biblioaxudantes	Todo o curso	

<p>Revisar a idoneidade dos fondos para ter unha biblioteca equilibrada e orientar así as novas adquisicións.</p>	<p>Comprobando porcentaxes libros/lectores.</p> <p>Comprobando libros por materias: ficción, non ficción, poesía, banda deseñada clásicos, música...</p> <p>Orientando, segundo esa análise, as novas adquisicións.</p>	<p>Equipo BE</p>	<p>Todo o curso</p>	
<p>Decidir novas adquisicións</p>	<p>Consultando periódicamente boletíns de novidades.</p> <p>Atendendo ás necesidades da comunidade.</p> <p>Atendendo as actividades propostas en relación co PDI.</p>	<p>Propostas: comunidade educativa</p> <p>Decisións: Equipo BE</p>	<p>Todo o curso</p>	

Obxectivo: organización				
QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Aprobación da actualización do Proxecto Lector de Centro	Presentación en claustro e consello	Equipo BE Responsable BE Claustro Consello	1º trimestre	
Revisar a organización dos espazos que conforman a BE-LeoLab	Revisando a organización e funcionalidade dos recursos: fondos, mobiliario, sinalizadores, paredes, cortiza, expositores...	Equipo BE Dirección Comunidade educativa	Todo o curso	
Colaborar na organización de tempos e espazos para o uso funcional da BE-LeoLab	Elaboración de horarios: empréstitos directos e indirectos, actividades, uso de espazos creativos... Plantillas-reserva de espazos creativos	Responsable BE Xefatura de estudos Profesorado	Mes de setembro Todo o curso	
Facer o seguimento dos protocolos de funcionamento da BE-LeoLab entre a comunidade.	Revisando as pequenas guías de procesos básicos que precisamos coñecer.	Equipo BE	Todo o curso	



<p>Publicar e dinamizar as actividades</p>	<p>Elaborando murais colectivos.</p> <p>Organizando as paredes, os expositores e a cortiza do corredor.</p> <p>Publicando nos blogs. Compartindo recursos.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p> <p>Biblioaxudantes</p>	<p>Todo o curso</p>	
<p>Colaborar estreitamente cos outros equipos creativos de traballo</p>	<p>Participando na CCP do centro e nas xuntanzas Xefatura/Equipos</p>	<p>Responsable da BE</p>	<p>Todo o curso</p>	
<p>Manter ao profesorado <i>inFORMADO</i> no relativo, entre outros, á lectura, ás alfabetizacións múltiples e ao PDI de centro.</p>	<p>Mantendo o grupo de correo electrónico.</p> <p>Publicando nos blogs.</p> <p>Favorecendo a formación continua.</p> <p>Divulgando fondos.</p>	<p>Responsable da BE</p>	<p>Todo o curso</p>	



Obxectivo: dinamización e fomento da lectura e da escritura

QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Xestionar os empréstitos aos grupos-clase.	Os libros de non-ficción permanecerán nas aulas o tempo suficiente para traballar con eles (Sección Documental de Aula) Os de ficción achéganse nas caixas <i>Hora de Ler</i> .	Equipo BE Profesorado	Todo o curso	
Elaborar e difundir guías de lectura.	Realizar guías de lectura: Nadal e verán	Responsable da BE	Todo o curso.	
Difundir as actividades da BE-LeoLab, así como as novas adquisicións.	Mantemento do taboleiro da BE onde consten as actividades e novas en xeral. Expositores temáticos e de novidades.	Equipo BE	Todo o curso.	
Difundir o placer de ler en voz alta e para todos/as	Hora de Ler <i>Hoxe le...</i> Podcasts Día/Semana/Mes de...	Alumnado Familias Profesorado	1 sesión <i>Hoxe le...</i> á semana para cada nivel (E.I, 1º e 2º de E. Primaria) Todo o curso	



Dinamizar o proxecto Educa-Tribo: lectura e formación compartida, enmarcado no programa Lectura e Familias	Solicitando a colaboración de familias e alumnado. Organizando espazos e recursos. Coordinando e dinamizando as sesións formativas e <i>Hoxe le...</i>	Responsable da BE Equipo BE Claustro Familias Alumnado	De outubro a xuño	
Realizar campañas de animación á lectura: Lecturas Terroríficas, Lecturas pola Paz, Mes das Letras...	Organizando unha, alomenos, para cada trimestre	Equipo BE	Todo o curso	
Fomentar actividades culturais: encontros, obradoiros con autores/as, ilustradores/as...	Organizando, alomenos, unha actividade anual para cada ciclo.	Equipo BE Equipos de ciclo Xefatura de Estudos	Todo o curso	
Achegar os libros a toda a comunidade educativa	Hora de Ler e mochilas viaxeiras, asesorando na selección dos exemplares. Exposicións trimestrais, temáticas e de novidades. <i>Hoxe le...</i> <i>Leoteca</i> . Para toda a comunidade educativa.	Equipo BE Profesorado Alumnado Familias	Todo o curso	

<p>Favorecer a escritura creativa dentro do marco do PDI de centro.</p>	<p>Facilitando recursos de apoio: exemplares, artigos, plantillas, tips...</p> <p>Desenvolvendo actividades escritas relacionadas coas tipoloxías textuais en diferentes soportes e formatos.</p> <p>Dar continuidade á creación de GaliCómics (producións propias de BD), a nosa propia marca derivada do PDI antecesor</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p> <p>Alumnado</p>	<p>Todo o curso</p>	
--	---	--	----------------------------	--



Obxectivo: Formación de Usuari@s

QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Difundir o noso programa de FU	Divulgar o sistema de organización dos fondos e formar nel ao profesorado, o profesorado ao seu grupo-clase, apoiado, se é preciso, polo equipo de BE.	Equipo BE Profesorado	Mes de setembro. Todo o curso.	
Diseñar actividades que axuden a entender os espazos creativos da BE-LeoLab e a organización dos fondos.	Formación profesorado inicio de curso. Profesorado no grupo-clase. Laboratorio Documental. <i>Mural permanente Xeografía lectocreativa Milladoiro: Leohle</i>	Equipo BE Profesorado Biblioaxudantes	Mes de setembro Todo o curso	
Implicar ao alumnado na organización e funcionamento directo da BE-LeoLab	Mantendo o voluntariado de Biblioaxudantes de Biblio (6º de Primaria) Mantendo o voluntariado de Biblioaxudantes de Radio na Biblio (5º de Primaria)	Equipo BE Profesorado Biblioaxudantes	Mes de Setembro Todo o curso	



Usar o punto de Autoempréstito	Difundindo o seu uso entre o profesorado e este, á súa vez, entre o alumnado.	Equipo BE Profesorado Biblioaxudantes	Mes de Setembro Todo o curso	
---------------------------------------	--	--	---	--



Obxectivo: alfabetización múltiple

QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
<p>Potenciar as habilidades de lectura, escritura e comunicación do noso alumnado: alfabetización múltiple.</p>	<p>Incentivando a posta en práctica de metodoloxías activas nas que o alumnado teña máis oportunidades de acción para chegar a adquirir as ferramentas e habilidades necesarias na actual sociedade da información.</p> <p>Implementando os laboratorios de aprendizaxe que nos son propios.</p>	<p>Equipo de BE</p> <p>Xefatura de estudos</p> <p>Profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	
<p>Facilitar a programación Aprender a Investigar como recurso transdisciplinar para o desenvolvemento de tarefas integradas (TI)</p>	<p>Incluindo a programación no cartafol BE-LeoLab 2023/24 do usb que se entrega ao profesorado.</p> <p>Divulgando a súa idoneidade para a investigación e tratamento da información como nutriente da ABP mediante TI.</p>	<p>Responsable da BE</p>	<p>Mes de setembro.</p>	
<p>Dinamizar alfin a través dos cadernos editables e de produción propia: <i>Leo ámate a... investigar!</i></p>	<p>Cadernos como recursos dinamizadores de alfin.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	



<p>Favorecer, motivar a inclusión do PDI “Medicus curat natura sanat” nas Programacións de Aula, a través de TI que se nutran da alfabetización múltiple.</p>	<p>Ofrecendo plantillas de programación de TI.</p> <p>Redactando e publicando, con tempo, a proposta de actividades relativas ás particularidades do PDI en relación cos laboratorios de aprendizaxe e conmemoracións.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Xefatura de estudos</p> <p>Profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	
<p>Dar continuidade á alfabetización mediática</p>	<p>Dinamizando a nosa radio na biblio: Radio Balea, mediante os laboratorios de aprendizaxe e como valiosa ferramenta pedagóxica para a aula.</p> <p>Elaborando pequenas pezas audiovisuais dinamizando a lingua: DichoLeo.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p> <p>Alumnado</p>	<p>Todo o curso</p>	

Obxectivo: Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TAC)

QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Dinamizar o Plan Dixital de centro.	<p>Formando naqueles obxectivos que nos son propios.</p> <p>Facilitando a consecución dos obxectivos previstos: recursos, organización...</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Equipo Tecnolóxico</p> <p>Xefatura de estudos</p>	Todo o curso	
Manter as bitácoras das que somos administradores/as.	<p>Biblioteca</p> <p>LeoLab</p> <p>PDI</p> <p>DígochoEu</p> <p>Leo le... nós lemos!</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Equipo Tecnolóxico</p>	Todo o curso.	
Coñecer e divulgar as particularidades do post como xénero literario, manexo do correo electrónico e programas básicos (procesadores de texto, presentacións...)	<p>Incluíndo nas Programacións de Aula como elementos transversais para o óptimo desenvolvemento da competencia dixital.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p>	Todo o curso	
Dar apoio no uso e matemento das bitácoras dos ciclos.	<p>Animando ás publicacións do alumnado, principalmente, no último ciclo de Primaria.</p> <p>Colaborando co profesorado que o solicite.</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Equipo Tecnolóxico</p>	Todo o curso	



Dinamizar o uso das plataformas/programas e dos repositorios do centro: documentos, cartelería, imaxes...	Asesorar, orientar no uso de plataformas/programas e repositorios. Animar a ter en conta os repositorios do centro coma espazo de recursos virtual.	Equipo BE Equipo Tecnolóxico	Todo o curso	
Aumentar os materiais, de aula e de centro, que se presentan en formato dixital	Elaborar materiais/productos finais con genially, canva, kahoot...	Equipo BE Equipo Tecnolóxico Profesorado	Todo o curso	
Manter en funcionamento e divulgar o uso didáctico dos medios TAC da BE	Comprobando periódicamente o correcto funcionamento. Promovendo o seu uso didáctico	Equipo de BE Equipo Tecnolóxico	Todo o curso	



Obxectivo: apoio e asesoramento

QUE	COMO	QUEN	CANDO	AUTOAVALIACIÓN
Ao Plan Lector Anual	<p>Revisando as iniciativas que xa están en marcha (HL, mochilas e bolsiñas viaxeiras, divulgación literaria, blogues de ciclo, diversificando os soportes...)</p> <p>Redeseñando</p> <p>Animando a posta en marcha de outras novas.</p>	Equipo BE	<p>Mes de setembro</p> <p>Todo o curso</p>	
<p>Ás Programacións e as Tarefas Integradas en relación co PDI e conmemoracións xa sistematizadas (<i>Lecturas Terroríficas, Semana da Paz, Semana da Muller, Mes das Letras</i>)</p>	<p>Proporcionando os recursos necesarios.</p> <p>Elaborando seleccións de recursos en liña.</p> <p>Colaborando no seu deseño, se así se nos solicita</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Profesorado</p>	Todo o curso	
<p>Á integración da cultura impresa e a cultura dixital</p>	<p>Achegando o coñecemento das aplicacións electrónicas necesarias</p> <p>Ofrecendo seleccións de recursos en todos os soportes.</p> <p>Incluindo os materiais en formato dixital (actividades, documentos...)</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Equipo Tecnolóxico</p>	Todo o curso	



<p>As actividades que teñan como obxectivo a compensación de desigualdades</p>	<p>Facilitando o empréstito de materiais escasos, pouco frecuentes o de escasa distribución nos entornos máis cercanos. En número suficiente.</p> <p>Dinamizando actividades culturais: obradoiros, encontros, teatro, contacontos...</p>	<p>Equipo BE</p> <p>Xefatura de estudos</p> <p>Profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	
--	---	--	---------------------	--

